



**Misión directa
Feira Tecnolóxica
Anuga FoodTec
Colonia 20-22 marzo 2018**

Misión directa Anuga FoodTec 2018

O **Clúster Alimentario de Galicia (CLUSAGA)**, no Programa de Misións Tecnolóxicas está a organizar unha acción entre os días 20 e 22 de marzo de 2018, coa visita a Feira **Anuga Food Tec**.

A finalidade da misión é poder coñecer as primicias presentadas a nivel internacional no sector dos suministros da industria alimentaria. Os asistentes poderán ver innovacións, visións tecnolóxicas e solucións na mellora e eficacia do uso dos recursos, ligadas ao paradigma da industria 4.0, considerando que a **Anuga Food Tec** é a principal feira tecnolóxica do sector alimentario a nivel mundial.

O interese da asistencia a esta feira débese ao claro enfoque tecnolóxico, ao amplo rango de liñas de procesamento, embalaxe e seguridade aplicables á industria de alimentación e bebidas, á importancia das empresas que participan no evento e á posibilidade de establecer relacións e contactos con diversos axentes e para coñecer as últimas tendencias e innovacións.



Anuga FoodTec 2018

Anuga FoodTec é a feira líder de tecnoloxía dos alimentos e bebidas que se celebra cada tres anos en Colonia, Alemaña. Esta feira é a única feira comercial no mundo que cobre todo o espectro da produción de alimentos, desde o procesamento ata o envasado. Para a industria global de alimentos e bebidas, Anuga FoodTec é a plataforma líder de información e compras.

Na Anuga FoodTec, os visitantes das industrias manufactureiras poderán coñecer as innovacións e visións tecnolóxicas presentes, dende o tratamento, a tecnoloxía e materiais de embalaxe, ingredientes, seguridade alimentaria e toda unha gama de innovacións de todas as áreas asociadas coa produción de alimentos.

Paralelamente, esta Feira ofrece a posibilidade de organizar machtmaking entre as empresas, asistir a distintos foros e workshops e participar nos puntos de encontro. Pode atopar información sobre a axenda de eventos na páxina web da feira.

Na pasada edición de 2015 esta feira contou coa participación de máis de 45.000 visitantes e 1.500 empresas expositoras. De estes expositores máis de 800 proceden do estranxeiro contando con ata 49 nacionalidades diferentes. Todo isto confirma a Anuga Foodtec como unha feira de primeiro nivel para o sector alimentario.

Mais información sobre a feira: www.anugafoodtec.com

Condições de Participación

A misión directa do Cluster Alimentario de Galicia inclúe o apoio a xestión (viaxe, aloxamento e entradas) elaboración da axenda individualizada e conxunta con actividades adicionais e o apoio aos custos de viaxe e aloxamento.

Adscrito ao proxecto apoiado polo IGAPE na liña IG223 2017 premios e axudas aos proxectos piloto fábrica 4.0 en Galicia, o Clúster Alimentario de Galicia disporá de 10 bolsas de 250 €.

A asignación das bolsas terá en conta a orde de inscrición e a participación nos proxectos 4.0 promovidos polo CLUSAGA 2016 e 2017. A súa liquidación estará suxeita á consecución do número mínimo de empresas participantes e a liquidación por parte do IGAPE.

Para inscrición ou calquera aclaración ou información adicional, poden contactar co CLUSAGA en innovacion@clusaga.org ou no teléfono 981 556 062.